



ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCIAS QUE TIVERON LUGAR O DÍA 13 DE XUÑO DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, ás doce horas do día trece de xuño de dous mil quince, para cumpri-lo que dispoñen os artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e artigos 36 e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, relativos á constitución das corporacións locais e a elección de alcalde, reuníronse, en sesión pública, os señores concelleiros electos nas eleccións locais que tiveron lugar o día 29 de maio de 2015, que son os seguintes:

Polo **Partido Popular (PP)** dona M^a del Consuelo Vispo Seara, don Manuel González Vázquez, don Juan Carlos Villanueva Fernández (Marabu), dona Nieves Carril Gómez, D. Manuel Angel Fernández Quintas e dona Mirian Prieto Valdés; polo **Partido Socialista de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE)** don Xosé Carlos Valcárcel Doval, dona Victoria Morenza Doforno, dona Margarita Pérez Fernández, don José Rafael Sierra Carril e don Adrian Varela Vázquez; polo **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, don Xosé Manoel Firvida Plaza, dona María Ánxela González Cid e don Serafín Núñez Pérez; por **Democracia Orensana (D.O.)** dona Serafina Varelas Vieira e dona Julia Jácome Pérez; por **Compromiso por Galicia, (CxG)(CxG-CCTT)** don Ramón Padron Calviño, asistidos polo Secretario xeral da Corporación dona Silvia Alonso Fernández, quen fai constar que se cumpriu o requisito que preceptúa o artigo 7 do citado regulamento, xa que tódolos concelleiros electos presentaron as credenciais como trámite previo legal para este acto, e todos eles formularon tamén as pertinentes declaracións para o rexistro de intereses conforme ó artigo 75.7 da Lei 7/1985.

- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

De seguido procedeuse a formar a Mesa de Idade, integrada polo concelleiro electo de maior idade, don Jose Rafael Sierra Carril, que pasa a presidila e polo concelleiro de menor idade, don Adrian Varela Vázquez, e actuando como secretario dela o que o é da propia Corporación, D.^a Silvia Alonso Fernández

- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS

Unha vez constituída a Mesa de Idade, esta procede a comprobar as credenciais presentadas ou



acreditacións da personalidade dos electos, baseándose na certificación recibida da Xunta electoral de zona, resultando que tódolos señores concelleiros electos presentaron a pertinente credencial.

- XURAMENTO OU PROMESA

Seguidamente cada un dos electos asistentes presta xuramento ou promesa, segundo dispón o artigo 108 da Lei electoral, con suxeición á fórmula establecida no RD 707/79, do 5 de abril.

- DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Unha vez cumpridos os trámites regulamentarios e as esixencias determinadas no artigo 195.4 da Lei electoral e 37.4 do ROF, a Mesa de Idade de declara constituída a Corporación.

- ELECCIÓN DE ALCALDE

Procédese a continuación, de acordo co disposto no artigo 196 da repetida Lei orgánica, á proclamación de candidatos para a elección de alcalde, de entre os cabezas de lista que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais.

Pola secretaría pregúntase se algun dos candidatos renuncia a participar nesta elección, anunciando o Sr. Fírvida que, tanto él como o resto dos concelleiros do BNG renuncian á presentación da súa candidatura a alcaldía. Asimismo, o Sr. Padrón do partido CxG manifesta a súa intención de renunciar, no mesmo sentido, resultando presentados e proclamados os seguintes:

NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS	LISTA OU CANDIDATURA NA QUE ESTÁN INTEGRADOS
Consuelo Vispo Seara	PP
Xosé Carlos Valcárcel Doval	PSOE
Serafina Varelasvieira	D.O.

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo 196 da Lei electoral, procédese á elección de Alcalde en votación a man alzada, decidido dito procedemento por unanimidade da corporación, obténdose o seguintes resultado:



CONCELLO DE BARBADÁS

NOME E APELIDOS DE CADA CONCELLEIRO CANDIDATO	NÚMERO DE VOTOS OBTIDOS	
	En letra	En número
M ^a del Consuelo Vispo Seara	seis	6
Xosé Carlos Valcárcel Doval	nove	9
Serafina Varelas Vieira	dos	2

A vista do resultado queda proclamado Alcalde D. Xose Carlos Valcarcel Doval do PSdeG-PSOE

- XURAMENTO DO SR. ALCALDE E TOMA DE POSESIÓN

A continuación D.Xose Carlos Valcárcel Doval , unha vez proclamado alcalde, toma posesión do seu cargo prestando xuramento ou promesa, na formula regulamentaria e recibindo o bastón de mando acreditativo do seu cargo.

Finalmente, o Sr. alcalde pronuncia un discurso de agradecemento á confianza depositada por tódolas persoas que o apoiaron nas pasadas eleccións e o agradecemento ao BNG e a CxG polo seu voto na investidura como Alcalde.

- ARQUEO DE FONDOS.

Dáse conta da existencia en metálico ó 12 de xuño de 2015, co seguinte resultado:

SITUACIÓN DOS FONDOS

ABANCA (cta. 6925)	85.746,29 euros
ABANCA (cta.deposito nº 11430)	500.000,00 euros
BANCO SABADELL (cta. 1015003)	186.427,11 euros
SUMA.....	772.173,40 euros

E, ás 13:30 horas o Sr. alcalde dá por rematada a sesión, redactándose a presente acta que asina o Sr. alcalde e o secretario, que certifica.

O ALCALDE

O SECRETARIO





CONCELLO DE BARBADÁS

